

DECRETO DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DE BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE NOVE POSTOS DE TRABALLO: 2 ALBANEIS, 1 ELECTRICISTA, 1 FONTANEIRO/A, 1 PINTOR/A, 2 CARPINTEIROS/AS E 2 PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS, A XORNADA COMPLETA, CON CARÁCTER DE LABORAL TEMPORAL, AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2020 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (BOPPO nº 1 do xoves 2 de xaneiro de 2020).

En Meis, Dna. MARTA GIRÁLDEZ BARRAL, Alcaldesa-Presidenta deste Concello, dicta a seguinte Resolución:

Visto o acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 21 de febreiro de 2020 do *PLAN CONCELLOS 2020 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS*, o Concello de Meis pretende a contratación laboral temporal a xornada completa de nove persoas desempregadas: *2 albaneis, 1 electricista, 1 fontaneiro/a, 1 pintor/a, 2 carpinteiros/as e 2 peóns de obras públicas*, para levar a cabo a prestación de servizos mínimos de competencia municipal indispensables para o bo funcionamento da comunidade e o benestar dos veciños.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle competen de acordo co artigo 21, g) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVE**:

1º. Aprobar as bases que rexerán a provisión, mediante concurso-oposición, de nove persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego.

2º. As ocupacións a ofertar serán: *2 albaneis, 1 electricista, 1 fontaneiro/a, 1 pintor/a, 2 carpinteiros/as e 2 peóns de obras públicas*, con carácter de laboral temporal a xornada completa.

Mándao e asíno o alcalde, do que, a secretaría DÁ FE.

Documento asinado electrónicamente á marxe.

